


CENTRO CULTURAL XINZO
XINZO - PONTEAREAS

II FESTIVAL DE BANDAS



25 DE MARZO ' 95

Viaxe a Manzaneda, Charla, Teatro, etc...

BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

CONCERTO

Xinzo de Pontareas

PROGRAMA

A Gran evasión	Elmer Bernstein
Adagio	T. Albinoni
Clarinando	R. Comello
(Mónica Villar Rodríguez e Fátima Solloso Irmia, Clarinetes)		
Por-Bou-Saraxevo	Hernán Naval
Indiana Jones	John Willians
A lista de Schindler	John Willians
I do it for you (Robin Hood)	Bryan Adams
Brasilliana	Jan Van der Roost
I. Cha-Cha-Cha		
II. Calypso		
III. Samba		

Hernán Naval

Director

Banda Municipal de Ribadeo

Director: Hernán Naval

A **Banda Municipal de Ribadeo** presentouse ao público, en concerto, o 25 de xaneiro de 1.992. Repárase en que enfatizamos que o debu desta formación fixose xa en concerto: desde o comezo, a **Banda Municipal de Ribadeo** concebiuse como moderna Banda de concertos, que fuxe por superación do estilo da maioría das bandas populares, demasiado ancoradas aínda na estética das longas dianas, alboradas e desfiles procesionais. Estímase en máis de mil o número de persoas que escoitaron aquel xa lexendario concerto da presentación celebrado na Igrexa Parroquial de Ribadeo.

Desde entón ten actuando en moitas vilas e cidades de Galiza e do ocidente asturiano. Merece especial mención o concerto ofrecido no Teatro "Colón" da Coruña, en Agosto de 1.993, dentro do festival internacional *Encontros Musicais de Tradición Europea*, entre os concertos de programación estábel no mesmo Ribadeo, compre sinalar os de música relixiosa en Semana Santa e os de música sinfónica na clausura do congreso cultural anual "Mar por medio", no mes de xullo. Na noite do 25 de xullo do ano pasado, no Parque de San Francisco de Ribadeo, dun concerto extraordinario de bandas sonoras de célebres películas, entanto eran proxectadas imaxes destas películas nunha pantalla xigante.

Os días 27 e 28 do mes de xaneiro do presente ano, a **Banda Municipal de Ribadeo** actuou en Madrid, no auditorio do Centro Cultural de la Vaguada, no salón de convencións dun céntrico hotel, e na mesmísima Praza Maior da capital do Estado, colleitando un dos maiores éxitos da súa curta pero brillante traxectoria. O próximo mes de abril actuará en Barcelona

Os programas da Banda Municipal de Ribadeo

falan dese innovador estilo ao que aludíamos ao comenzo: bandas sonoras, clásico, nova música para orquesta de vento de percusión... Así pois, a Banda Municipal de Ribadeo é moito máis un produto cultural que presta servizos culturais, instrutivos, que un conxunto tradicional de amenizacións lúdicas, polo que a programación de concertos seus é absolutamente acaída para o desenvolvemento cultural e social de Galiza.

Hernán Naval

O Director titular da Banda Municipal de Ribadeo é o profesor Hernán Naval (Viveiro, 1.962). Profesor de Trompeta e de Solfexo e Acompañamento, e tamén pianista, exerceu a docencia musical no Conservatorio de Música de Viveiro e dirixiu a Coral Polifónica de San Ciprián (Cervo-Lugo) antes de se entregar plenamente á formación e logo dirección da Banda Municipal de Ribadeo. En Ribadeo dirixe tamén a Escola Municipal de Música, centro donde se están a preparar os instrumentistas de corda grave, fagot, etc., que se integrarán en breve na Banda para facer dela unha Banda Sinfónica. Hernán Naval practica desde hai anos a difusión musical e cultural publicando artigos en diversos medios; tamén é compositor: ademais de ter estreado diversas composicións corais, coa súa Banda tén estreado *Por-Bou-Saraxevo* (marcha fúnebre de concerto) e o paso-dobre sinfónico *Mar por medio*. Actualmente traballa na instrumentación para Banda sinfónica da marcha Galicia II, de Marcial del Adalid (por encárgo do musicólogo Xoán Manuel Carreira) e na composición dunha gran habanera de concerto titulada *Lonxe do mar*.

Banda Xuvenil de Xinzo

Concerto

King Arthur	Kees Schoonenbeek.
Jesus Christ - Super Star	Lloyd Webber.
Abba Gold	Arr. Ron Sebregts.
Anitschka	Johan Nijs.
Wonderful - party	Richard Comello.

Bolívar González Rodríguez

Nace en Cristiñade no ano 1.961.

Inicia os seus estudos musicais na Banda de Gulans e no Conservatorio de Música de Vigo, onde realizou estudos de Armonía e Contratempo entre outros.

Asiste a diversos cursillos de instrumentos tanto de vento, madeira e pedagogía así como a cursillos de dirección de banda. Cos mestres D. Pedro Pirfano Director da Policía Nacional de Madrid, D. Henrie Adams Director da Banda de Buñoll (Valencia) así como en cursos de dirección con D. Marcel Van Bree.

Actualmente esta como Director na Banda Xuvenil de Xinzo, dende 1.983, con algún intervalo no que dirixiu outras agrupacións galegas.

BANDA DE MUSICA "XUVENIL DE XINZO"

Transcurría o ano 79 cando rexurdiu de novo en Xinzo o espírito musical. Así pois un grupo de rapaces de diferentes idades iniciámonos no arte da música.

O mestre Guillen foi quen se encargou de darnos os primeiros coñecementos respecto da música.

Coa presentación en FARO DE VIGO e ante o noso pobo, o día 28 de xuño de 1.981 escomenzábamos a dar a coñecer o noso traballo.

Nestes 14 anos dirixiron a nosa agrupación D. Sergio Hurtado Carrascosa, D. Antonio Budió Duran e o actual director D. Bolivar González Rodríguez ademais esta entidade tivo o orgullo de ser dirixida en distintas ocasións por mestres como D. José Luis Quintas Carreira (director da Banda de A Golada, D. José Fernández Prego (ex-director da Banda Unión de Gulans), D. José Carracedo (actual coordinador das bandas de música militares do Ministerio de Defensa), D. Marcel Van Bree (director da Banda Municipal de Lalín e do conservatorio de dita localidade e director da banda sinfónica de Galicia), D. Pirfano Zambrano (director da banda da Policía Nacional de Madrid) e D. Rogelio Groba Groba (ex-director da banda municipal da Coruña e un dos persoeiros mais relevantes da música actual en Galicia.

Foi a nosa pretensión sempre ir cos tempos e buscar novas experiencias culturais, así tratamos de fomentar novas músicas tocando obras que ata ó de entón non se coñecían no repertorio das bandas galegas (WEST SIDE HISTORY, PINK PHANTER, RIVERS, MOMENT FOR MORRICONE, JESUS CHRIST SUPERSTAR, ETC.)

No senso de buscar novas experiencias musicais e interpretar a nosa música non só nas tradicionais festas que se dan o longo da xeografía galega poseémos un extenso capítulo de actuacións en escearios ben diferentes.

En 1.986 actuabamos no programa concurso GENTE JOVEN da RTVE voltando novamente a dito programa para participar nas semifinais sendo,

xunto coa banda de Sober, as únicas en actuar en dito medio audiovisual. A experiencia neste sentido acabamos de repetila participando nos programas da TVG "GALICIA DIRECTA" e "GALICIA ENTEIRA", ademais de grabar en diversas ocasións para a RADIO GALEGA e participar na edición dunha grabación editada polo diario O CORREO GALEGO.

A participación en festivais e certámenes musicais compoñena as tres participacións no certamen de bandas de música populares de Cangas nos que obtivemos un primeiro e un segundo posto, o certamen de bandas de Vigo, o 1º congreso de musicoloxía de Vilanova de Cerveira, o festival de bandas de Chantada, festival de bandas de Meaño, día da música en O Rosal, etc.

Destacable é tamén o feito de que sexamo os padriños de tres agrupacións musicais que xurdiron o longo destes anos (Las Delicias del Caeiro de Vigo, Unión Musical do Rosal e Banda de Música de Antas de Ulla).

Foi no ano 1.987 cando fixemos o noso primeiro intercambio cultural sendo desta maneira a primeira banda galega en realizar este tipo de intercambios con outras bandas do resto da península. Nesta viaxe que nos levou ata terras Alicantinas, participamos nun festival de bandas ó que acudiron ademais de nos a Agrupación Artística de Monóvar, banda anfitrióna coa cal facíamos o intercambio e outras importantes agrupacións da comunidade valenciana.

Repetimos esta experiencia coa banda Artística de Monóvar nos anos 1.988/90 e foi no ano 1.990 cando fixemos un novo intercambio cultural esta vez con Castelar en terras da provincia de Valencia.

Neste momento a banda de música xuvenil de Xinzo conta cunha escola de música propia onde os futuros músicos desta agrupación se lles ensina música dende idades ben tempranciras o mesmo tempo que creémos que se fai unha gran labor cultural non só dentro do que é a parroquia de Xinzo si non que noutras parroquias colindantes.